

Chicote animou a festa

> O Grupo Nove celebra na Cidade da Cultura o décimo aniversario nun evento ao que non faltou o televisivo cociñeiro madrileño

LV

Os cociñeiros do Grupo Nove celebraron esta semana o seu décimo aniversario cun acto na Cidade da Cultura e coa despenza galega, e o seu enorme potencial, como materia prima.

O grupo está integrado por unha vintena de restauradores das catro provincias, que prepararon 15.000 racións confeccionadas cos produtos máis representativos da gastronomía galega para os centos de invitados á celebración, entre eles, outros restauradores españois de renome.

O presidente do grupo, Miguel Campos, resaltou a vocación dos seus integrantes de difusión da gastronomía galega máis aló das súas fronteiras.

No mesmo sentido manifestouse a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, quen subliñou a "paixón e entusiasmo" deste grupo de cociñeiros, que manteñen o mesmo nivel de entusiasmo de hai dez anos, cando constituíron a asociación, recordou. "O Grupo Nove –dixo– é sinónimo de emprendemento, diferenciación e innovación", tres "palabras clave" coas que conseguiron ser "un referente empresarial de éxito".

Máis de 800 persoas se congregaron no monumental Museo Centro Gaiás para degustar, ao son da música e baixo a batuta do gastrónomo Manuel Gago e a actriz e comunicadora Sole Felloza, as creacións culinarias máis emblemáticas de máis dunha vintena de restauradores. A comitiva da terra estivo arroupada por outras



O televisivo Alberto Chicote (Madrid, 1969), durante a súa intervención no evento. > EFE

O Grupo Nove son... ¡22!

A Coruña: Marcelo Tejedor, Manuel García, Xoán Crujeiras e Beatriz Sotelo, Miguel Ángel Campos e Eduardo Pardo. (6)
Lugo: Héctor López e Álvaro Villasante. (2)

Ourense: Javier González. (1)
Pontevedra: Roberto Filgueira e Iñaki Bretal, Alberto G. Prelcic, Javier Oleiros, Rafael Centeno Moyer, Antonio Botana, Yayo Daporta, Xosé T. Cannas, Pepe Solla, Pablo Romero, Iván Domínguez, Javier Rodríguez Taky e Gonzalo Rei. (13)

figuras do panorama nacional, como o mediático Alberto Chicote, Nacho Manzano, Darío Barrio, Carlos Posadas, Macarena de Castro, Diego Guerrero, Paco Roncero e Pedro Morán.

Fabas, mexillóns, mazás asadas, cremas, filloas salgadas recheas de boletos, sopa de peixe sapo, bonito de Burela, chocos con arroz e empanada de vieiras foron algunhas das propostas.

Os 22 restauradores deron os últimos retoques ás súas suxestións e explicaron aos convidados como é o proceso de elaboración. A través de soportes audiovisuais proxeccións imaxes e información. Foi unha noite de festa.

>enpersoa

“O sector alimentario está a manter a solidez grazas a que hai máis exportacións”

ROBERTO ALONSO
XERENTE DO CLÚSTER
ALIMENTARIO GALEGO



Mónica Nieto

Tres anos despois da fundación do primeiro clúster galego do sector alimentario, o seu xerente celebra que vaian cumprindo os obxectivos cos que naceu: axudar as empresas a buscar oportunidades de negocio e conseguir sinerxías para crecer tanto dentro como fóra do país. Supera xa os 50 socios desde os 21 iniciais e Roberto Alonso confía en que serán máis. Coa internacionalización da industria como unha prioridade conta xa con dúas oficinas comerciais en Shanghai e Nova York.

P ¿Cal é a situación do sector en Galicia?

R O comportamento nos anos da crise está a ser relativamente favorable e o peso do sector permanece estable tanto no caso das ramas primarias como da industria alimentaria. É un sector sólido e en continua evolución apuntado polo avance das exportacións. As vendas ao exterior seguen a medrar e compensan o descenso do consumo a nivel estatal. Un dato importante é que o 27% das empresas gacela pertencen ao ámbito alimentario.

P ¿Que oportunidades de negocio hai no exterior?

R Os mercados foráneos abren novas oportunidades para uns

produtos como os galegos, que destacan pola súa diversidade e calidade. A nosa ambición é ser recoñecidos a nivel internacional, construíndo o valor intanxible da marca Galicia asociada á excelencia en alimentación e bebida.

P ¿A diversificación de produtos é unha das materias pendentes en sectores como o lácteo?

R O escaso valor engadido na maioría das cadeas produtivas é un valor que debemos corrixir avanzando na diversificación e xeración de produtos de maior valor. É unha das accións prioritarias que o Clusaga tenta impulsar.

P Hai problemas en Pescanova, Alimentos Lácteos...

R Fóra de casos puntuais, a globalización non só xera oportunidades, senón que conleva ameazas nunha contorna cada vez máis competitiva. Somos optimistas e cremos que poderemos seguir medrando.

>porpalabras

vehículos

Servicarslugo. As mellores ofertas están en www.servicarslugo.com. Contacta no correo comercial@servicarslugo.com ou no teléfono 982 219 505.

Servitrucks. As mellores ofertas en servitrucksinternacional.com

emprego

Se es estudante ou recentemente licenciado en xornalismo ou publicidade, ofrécemosche a posibilidade de facer **prácticas remuneradas** en Pontevedra, nun medio de comunicación.

Interesad@s enviar curriculum á dirección: recursoshumanos.personal@gmail.com

**ANÚNCIESE AQUÍ
chamando ao:
981 55 25 30**

varios

Tarat in Analía
LA VOCE DE LA MAGGIORANZA

Te ayudo con tus problemas

806 40 28 73

Precio Mínimo: Red Fija 1,21 euros/min. Red Móvil 1,57 euros/min. IVA incluido. Mayores de 18 años. ATS S.A. S.A. Apdo. de Correos 18070 - Madrid 28060

Chicos buscan chicos. Llámame ya al teléfono **803 423 921**. Precio máximo: Red fija 1,21 /minuto. Red Móvil 1,57 euros / minuto. Mayores de 18 años. ATS S.A. Apartado de Correos 18070 Madrid.

Estoy caliente

803 42 35 79

Precio Mínimo: Red Fija 1,21 euros/min. Red Móvil 1,57 euros/min. IVA incluido. Mayores de 18 años. ATS S.A. Apdo. de Correos 18070 - Madrid 28060

**ISABEL AZEVEDO
VIDENTE**
Llámala y preguntale
Ella te dará respuestas
806 514 067

Precio min. red fija: 1,21 euros / red móvil: 1,57 euros. Sólo adultos IVA incluido

Recuperan en augas do Ulla o cadáver dun buscado edil holandés

A Garda Civil recuperou das augas do río Ulla o cadáver de Ramón Smits Álvarez, un concelleiro holandés do Partido do Traballo na cidade de Amersfoort (Utrecht), sobre o que pesaba unha orde de busca internacional e extradición por supostos delitos financeiros. O falecido, con raíces en Carballo, xa que a súa nai era natural deste municipio da Coruña, anunciou pouco antes da súa morte que se ía suicidar e ata deixou unha carta neste sentido. O concelleiro levaba doce días desaparecido e supostamente acabou coa súa vida no municipio de Vedra, no límite coa Estrada, logo de chamar por teléfono á Garda Civil e á súa muller. Tiña 34 anos e dedicábase á asesoría fiscal.

o inferniño

POR RODOLFO LUEIRO

FESTA

Isto marcha. É o que din. Acabouse a recesión. Hai alegría na Bolsa. Empezamos a recuperación e sen esforzos para a banca, nin as grandes fortunas. Nin foi necesario aumentar a tan restrinxida transparencia das administracións, nin eliminar os paraísos fiscais, nin sequera perseguir a fraude que nos coloca de primeiros no ranking europeo. Incluso os ricos creceron un 13 por cento. Bastou con reducir os dereitos laborais, traballar máis por menos cartos, aumentar os impostos das rendas do traballo, aumentar o IVE, deteriorar a sanidade e a educación e debilitar as pensións. Esquecéuselles legalizar a escravitude. Para celebralo.